



DATOS IDENTIFICATIVOS

Dereito mercantil I

Materia	Dereito mercantil I			
Código	O03G081V01502			
Titulación	Grao en Dereito			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	9	OB	3	1c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Dereito privado			
Coordinador/a	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel			
Profesorado	de los Ríos Sánchez, Juan Manuel Menor Conde, Sara			
Correo-e	jmrios@uvigo.es			
Web				
Descrición xeral	DEREITO MERCANTIL I é unha asignatura que se imparte no primeiro cuatrimestre do terceiro curso do Grao en Dereito. Nela examínanse desde unha perspectiva xurídica diversos aspectos do fenómeno empresarial: a figura do empresario no mercado, o seu estatuto xurídico, as súas formas de organización e o réxime dos seus colaboradores. Así mesmo abórdanse a chamada propiedade industrial e outros aspectos tan relevantes como a regulación da competencia e a das situacións de crises que a empresa pode atravesar.			

Resultados de Formación e Aprendizaxe

Código	
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A3	Que os estudantes teñan a capacidade de reunir e interpretar datos relevantes (normalmente dentro da súa área de estudo) para emitir xuízos que inclúan unha reflexión sobre temas relevantes de índole social, científica ou ética.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
B1	Coñecer a función do Dereito como sistema regulador das relacións sociais.
B2	Coñecer as distintas manifestacións do Dereito na súa evolución histórica e na súa realidade actual
B4	Ser capaz de identificar problemas xurídicos e abordar a súa solución de modo interdisciplinar
C3	CE3 - Coñecer o concepto e fontes do Dereito Mercantil, así como o réxime xurídico do empresario individual e as sociedades mercantís
C4	CE4 - Saber interpretar e aplicar as normas mercantís relativas ao empresario individual e social
D3	Capacidade para a toma de decisións de forma autónoma e independente de liderado e capacidade para o traballo cooperativo en equipo, como habilidades nas relacións interpersoais que favorezan a eficacia interpersoal.
D5	Ser capaz de resolver problemas e interpretar datos derivados da realidade en relación co seu significado e relacionalos coas distintas ramas do ordenamento xurídico.

Resultados previstos na materia

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe			
Coñecer o estatuto xurídico do empresario, a regulación da competencia e da propiedade industrial, as principais características das sociedades de capital e un esquema básico do proceso concursal e aplicar devanditos coñecementos no tráfico mercantil	A2	B1	C3	D3
	A3	B2	C4	D5
	A4	B4		
	A5			

Contidos

Tema

1. CONCEPTO E FONTES DO DEREITO MERCANTIL	1.1. Orixe e evolución histórica do Dereito mercantil. 1.2. Concepto e elementos do Dereito mercantil. 1.3. Fontes do Dereito mercantil.
2. ESTATUTO XURÍDICO DO EMPRESARIO	2.1. Conceptos fundamentais: empresa, establecemento. empresario. 2.2. A representación mercantil 2.3. O estatuto xurídico do empresario.
3. DEREITO DE SOCIEDADES	3.1. Consideracións xerais e tipoloxía. 3.2. Sociedades personalistas. 3.3. Sociedades de capital. 3.4. Unións de empresas e outras formas societarias.
4. PROPIEDAD INDUSTRIAL	4.1. Protección xurídica das invencións. 4.2. Protección do deseño industrial. 4.3. Protección dos signos distintivos.
5. REGULACIÓN DA COMPETENCIA	5.1. Réxime xurídico da publicidade. 5.2. A defensa da competencia . 5.3. A competencia desleal.
6. DEREITO CONCURSAL	6.1. O "preconcurso" de acreedores. 6.2. Declaración do concurso. 6.3. Administración concursal. 6.4. Masas concursais. 6.5. Solución do concurso. 6.6. Calificación e conclusión do concurso. 6.7. O mecanismo de segunda oportunidade.

Planificación

	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Lección maxistral	49	111	160
Resolución de problemas	20	43	63
Exame de preguntas obxectivas	1	0	1
Resolución de problemas e/ou exercicios	1	0	1

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente

	Descrición
Lección maxistral	Exposición por parte do profesor dos contidos da materia obxecto de estudo, as súas bases teóricas e, en ocasións, as directrices dun traballo, exercicio ou proxecto que debe desenvolver o estudante.
Resolución de problemas	Actividade na que se plantexan e resolven dúbidas, e se formulan problemas e/ou exercicios relacionados coa materia. O alumno debe desenvolver as solucións adecuadas ou correctas mediante a exercitación de rutinas, a aplicación de procedementos de transformación da información dispoñible e a interpretación dos resultados.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Resolución de problemas	Atenderáanse as dúbidas e consultas do alumnado relacionadas co estudo e/ou temas vinculados coa materia, proporcionándolle orientación, apoio e motivación no proceso de aprendizaxe, tanto de forma presencial (na aula e nas titorías), como de forma non presencial (a través do correo-e ou do campus virtual). As titorías do profesorado da materia poden consultarse e/ou solicitarse nas seguintes ligazóns: http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/roberto-couto-calvino/ http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/juan-manuel-rios-sanchez/ http://dereito.uvigo.es/gl/docencia/profesorado/sara-menor-conde/

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe
Exame de preguntas obxectivas	Proba que consiste na explicación de puntos concretos dos contidos da materia. Avalía o grao de coñecemento adquirido respecto dos temas indicados no apartado "resultados da aprendizaxe" desde unha perspectiva principalmente teórica. A proba inclúe o desenvolvemento por escrito dos elementos concretamente requiridos. O alumnado suxeito ao sistema de avaliación continua deberá realizar dúas probas deste tipo: unha de carácter non liberatorio a mediados do cuadrimestre que computará ao 30% e outra ao final, sobre a totalidade dos contidos, que computará ao 40%.	70	A3 B1 C3 A4 B2 C4 A5 B4

Resolución de problemas e/ou exercicios	Proba que consiste na resolución de un ou varios exercicios prácticos na que o enfoque principal se poñe na aplicación dos contidos da asignatura. Avalía o grado de coñecemento adquirido ao respecto dos temas indicados no apartado "resultados da aprendizaxe" desde un punto de vista principalmente práctico. A proba inclúe a exposición e, no seu caso, o debate sobre os argumentos e conclusións alcanzados no exercicio, que serán tidos en conta para a nota global da mesma. O alumnado suxeito ao sistema de avaliación continua deberá realizar dúas probas deste tipo que computarán ao 15% da cualificación final cada unha delas.	30	A2 A3 A5	B4	C4	D3 D5
---	---	----	----------------	----	----	----------

Outros comentarios sobre a Avaliación

SISTEMAS DE AVALIACIÓN

O alumnado poderá optar por un sistema de avaliación continua ou por un sistema de avaliación non continua. Quen se acolla ao primeiro terá a consideración de "asistente"; quen elixa o segundo, a de "non asistente". A opción por un sistema ou outro é libre.

Unha vez superado o prazo dun mes desde o comezo do cuadrimestre no que se imparte a materia, habilitarase un prazo de 10 días hábiles para que o alumnado matriculado manifieste, formalmente, a súa intención de acollerse ao sistema de avaliación continua.

1ª EDICIÓN DAS ACTAS

A) Alumnado ASISTENTE. Durante o período de clases, deberán asistir, participar activamente e entregar puntualmente os exercicios conforme ás indicacións do profesorado. Disto resultará o 30% da nota final. O 70% restante obterase dos dous exames teóricos formados por unha serie de preguntas directas sobre o contido da asignatura: un a mediados do cuadrimestre de carácter non liberatorio e que representará o 30% da cualificación e outro ao final, sobre a totalidade dos contidos, que computará ao 40%. B) Alumnado NON ASISTENTE. A nota obterase nun só exame, composto de dúas partes. A primeira constará dunha serie de preguntas de carácter teórico e computará un 70% da cualificación. A segunda suscitará un ou varios supostos prácticos e computará o 30% restante. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

2ª EDICIÓN DAS ACTAS A) Alumnado ASISTENTE. Gardarase a nota das prácticas desenvolvidas por avaliación continua, que representará o 30% da cualificación final. O 70% restante obterase dun exame formado por unha serie de preguntas sobre o contido da totalidade da asignatura.

B) Alumnado NON ASISTENTE. Deberá realizar un exame composto dunha parte teórica e outra práctica. A primeira consistirá nunha serie de preguntas directas sobre o contido da asignatura e computará o 70% da nota final. A segunda, nun ou varios exercicios prácticos e contará o 30% restante. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

FIN DE CARREIRA TODO o alumnado deberá realizar un só exame de estrutura idéntica á prevista nos apartados anteriores para o alumnado NON ASISTENTE. As competencias avaliadas son as mesmas que no sistema de avaliación para o alumnado asistente. Os resultados da aprendizaxe son tamén os mesmos que no sistema de avaliación para o alumnado asistente.

PROBAS DE AVALIACIÓN As datas, horarios e lugar de realización das probas de avaliación das diferentes convocatorias serán os sinalados no calendario de probas de avaliación aprobado pola Xunta de Facultade para o curso actual e documentación concordante. As cualificacións publicaranse na plataforma interna ou aula virtual oficial da Universidade de Vigo con acceso limitado ao profesorado da materia e ao alumnado matriculado. De ser necesario, por motivos excepcionais, modificar ou precisar os métodos de avaliación sinalados na Guía, tales modificacións ou precisións publicaranse no mesmo soporte telemático.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

José María de la Cuesta Rute (dir.), **Derecho Mercantil I y II**, última edición, Huygens,

Fernando Sánchez Calero, **Instituciones de Derecho Mercantil**, última edición,

Francisco Vicent Chulià, **Introducción al Derecho Mercantil**, última edición,

Alberto Bercovitz Rodríguez-Cano, **Apuntes de Derecho Mercantil**, última edición,

Manuel Botana Agra y otros, **Lecciones de Derecho Mercantil I**, última edición,

Guillermo Jiménez Sanchez (Coord.), **Lecciones de Derecho Mercantil**, última edición,

Aranzadi West Law,

tirantonline,

Código de comercio y leyes complementarias, última edición,

Bibliografía Complementaria

Recomendacións

Materias que continúan o temario

Dereito de defensa da competencia/O03G081V01923

Dereito mercantil europeo/O03G081V01911

Dereito mercantil II/O03G081V01702

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Dereito: Dereito romano/O03G081V01104

Dereito: Teoría do dereito/O03G081V01102

Historia: Historia do dereito/O03G081V01205

Dereito civil I. Obrigas e contratos/O03G081V01301

Dereito civil II. Dereitos reais/O03G081V01404
